

BASES COMPLETAS DA TARXETA DE FIDELIZACIÓN

Mercado municipal de Carballo

1. ENTIDADE ORGANIZADORA

A tarxeta de fidelización “Mercado municipal de Carballo” (en diante, “a Tarxeta”) é unha iniciativa promovida para dinamizar e fidelizar a compra no Mercado municipal de Carballo.

A organización e coordinación da Tarxeta corresponde ao Concello de Carballo.

2. OBXECTO DA TARXETA

A Tarxeta ten como finalidade incentivar a compra no mercado municipal de Carballo, premiar a fidelidade da clientela e promover o comercio de proximidade.

A través da Tarxeta, as persoas participantes poderán acceder á participación en sorteos e/ou premios en especie, conforme o regulado nestas bases.

3. ÁMBITO DE APLICACIÓN

A Tarxeta é válida unicamente para compras realizadas nos postos do mercado municipal de Carballo.

A organización poderá publicar ou sinalizar os postos adheridos mediante cartelaría ou comunicación interna.

4. PERSOAS PARTICIPANTES

Poderán participar todas as persoas que realicen compras no mercado municipal de Carballo e dispoñan dunha Tarxeta.

A participación é gratuíta. Non é necesario rexistro previo nin alta en ningunha base de datos.

5. DURACIÓN

A Tarxeta estará activa durante o ano natural correspondente ao calendario de dinamización, dende o seu lanzamento ata a data do sorteo final de Nadal (ou a data que determine a organización).

A organización poderá ampliar ou modificar datas por razóns organizativas, comunicándoo debidamente.

6. MECÁNICA DE FUNCIONAMENTO

6.1. Obtención da tarxeta

A Tarxeta poderá ser solicitada de forma gratuíta nos postos do mercado ou no punto de información indicado pola organización.

6.2. Selado da tarxeta

- 1 compra = 1 selo.
- Por cada compra realizada nun posto adherido, colocarse 1 selo nun recadro da Tarxeta.
- O selo poderá ser substituído por sinatura ou marca identificativa do posto, se así se acorda.

6.3. Número de selos necesarios

A Tarxeta completarse cun total de 21 selos, un por recadro.

6.4. Non acumulación

Con carácter xeral non se entregarán varios selos por unha mesma compra, nin se poderán acumular selos nun mesmo acto de compra.

A organización poderá autorizar excepcións puntuais en campañas específicas (p.ex. dobre selo), que se comunicarán previamente.

7. ENTREGA DE TARXETAS COMPLETAS

Unha vez completada a Tarxeta con 21 selos, a persoa participante deberá entregala no punto habilitado pola organización (urna situada na entrada do mercado pola rúa Gran Vía).

A Tarxeta completa quedará en depósito para participar nos sorteos. A Tarxeta entregada non será devolta, salvo indicación expresa da organización.

8. PREMIOS E SORTEOS

8.1. Tipoloxía de premios

Os premios serán, preferentemente, cestas de produto do mercado e/ou vales de compra para gastar exclusivamente no Mercado municipal de Carballo. Para o ano 2026 están previstos os seguintes premios:

- 1º premio: 700 € en vales de 50 €
- 2º premio: 420 € en vales de 30 €
- 3º premio: 280 € en vales de 20 €

8.2. Sorteo final

Todas as tarxetas completas entregadas participarán no gran sorteo final celebrado no Nadal (ou na data que estableza a organización). A organización poderá realizar sorteos adicionais ao longo do ano.

8.3. Condicións dos premios

Os premios non son canxeables por diñeiro nin por outros bens. Os vales deberán gastarse dentro do prazo establecido pola organización. Os premios son persoais e intransferibles salvo indicación contraria.

9. COMUNICACIÓN DAS PERSOAS GÑADORAS

As persoas premiadas poderán ser anunciadas mediante taboleiros informativos do mercado, redes sociais ou canles municipais e web do Concello.

A participación implica a aceptación desta forma de comunicación, respectando en todo caso a normativa de protección de datos.

10. INCIDENCIAS E CASOS ESPECIAIS

10.1. Tarxetas deterioradas ou ilegibles

A organización poderá invalidar tarxetas nas que non se vexan claramente os selos, se detecten manipulacións ou non se poida comprobar a validez.

10.2. Perda da tarxeta

As tarxetas perdidas non se substitúen nin se recuperan selos xa obtidos.

10.3. Fraudulencia

Calquera intento de fraude (selos falsos, manipulación, duplicación, etc.) suporá a expulsión inmediata do programa e a anulación da tarxeta.

11. RESPONSABILIDADE

A organización non se responsabiliza do uso indebido da tarxeta, da perda ou deterioro da mesma, nin de incidencias alleas á propia organización.

12. PROTECCIÓN DE DATOS

O programa prevé a recollida de datos persoais mínimos, unicamente para xestionar a entrega do premio e cumprir obrigas legais se as houbese.

Os datos serán tratados conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 (RXPd) e normativa vixente.

13. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no programa da Tarxeta implica a aceptación íntegra destas bases.

14. MODIFICACIÓNS E INTERPRETACIÓN

A organización resérvase o dereito de modificar estas bases por causas xustificadas, interpretar aspectos non previstos e adoptar decisións organizativas necesarias para o correcto desenvolvemento do programa, informando previamente á cidadanía na medida do posible.

15. PUBLICIDADE DAS BASES

Estas bases estarán dispoñibles para consulta no mercado municipal de Carballo e na páxina web carballo.gal